

### FICHA RESUME

<b>Ano</b>	2008	<b>PE403A 2007/1-5</b>
<b>Entidade</b>	<b>CEAMSA</b>	
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE <b>ALGAS</b> MARÍNAS	
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	<b>Autorizacións e zonas de libre marisqueo</b>	
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	<b>A PÉ</b>	

<b>Especies</b>	<i>Chondrus crispus, Mastocarpus stellata, etc.</i>
<b>Ámbito do plan</b>	COMUNIDADE AUTÓNOMA (GALICIA)
<b>Subzonas de explotación</b>	Lugo: Viveiro, Cervo, Foz, Burela, Cedeira, Celeiro, Ribadeo e Espasante. A Coruña: Ribeira, Aguiño, Porto do Son, Lira, porto Quilmas, O Pindo, Touriñán, Muxía, Laxe, Ponte do Porto, Camariñas, Camelle, Arou, Barizo, Malpica, Corme, Ferrol, Cariño e Ortigueira. Pontevedra: A Guarda, Mougás, Baredo, Canido, Cangas, Beluso, Noalla e O Grove.

<b>Participantes no plan de explotación</b>		
<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>Non</b>
	Si	
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

<b>Calendario de explotación</b>												
<b>Días máximos de extracción</b>		96										
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: A PÉ</b>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
x	x	x	x	x	x	x	x	x	x			
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: A PÉ</b>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	

<b>Topes de captura<sup>(6)</sup></b>			
Especies	A pé	Embarcación	Mergullador/habilitación
ALGAS	350kg/mariscador/día 200 kg/mariscador/día(só en marzo)		

<b>Artes a empregar</b>	Coitelo
-------------------------	---------

<b>Puntos de control</b>	<b>Nas zonas de recollida</b>
<b>Puntos de venda</b>	

Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Épocas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembrar</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeirias</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>												

Outras consideracións <sup>(9)</sup>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Ten interferencias (solapamentos) con outros Plans (Cangas, Moaña e A Guarda na provincia de Pontevedra). Na provincia de A Coruña os solapes son os seguintes:  <u>Chondrus crispus</u>.- a zona onde está prevista a extracción (no ámbito competencial desta Delegación) abarca dende pta. Couso (Aguíño), ata Cedeira, onde se presentan tamén os seguintes Plans: na modalidade de recolección a pé 1) Central Galáica de Plantas Medicinales (interferencia na zona de Muros a Camariñas), 2) CEAMSA (presenta Plan para dende o Norte da ría de Arousa ata Ferrol, polo que interfire en todo o ámbito), 3) Conf. de Camariñas (interferencia entre pta. Gallada e pta. Xanleira), 4) Conf. de Corcubión (interferencia de río Xallas a pta. Arnela), 5) Conf. de Lira (interferencia entre pta. Ínsua e pta. Larada) e Mar de Lira (que solicita toda a provincia) e 6) Conf. de Muros (interferencias entre pta. Uhá e pta. Ínsua) e, nas diferentes modalidades de mergullo, con estes outros 1) Conf. de Camelle (posible interferencia entre pta. Gallada e pta. Morelo), 2) Conf. De Camariñas (posible interferencia entre pta. Gallada e pta. Chorente) e 3) Conf. de Muxía (posible interferencia entre pta. Piaduro e pta. Nemiña).</li> <li><u>Gelidium corneum</u>.- na zona prevista, de pta. Nariga a cabo San Adrián (Malpica), hai presentado o Plan de explotación a pé de CEAMSA (solicitan do N da ría de Arousa a Ferrol, interferiría na zona de Malpica, a incluída no Plan).</li> <li><u>Gigartina pistillata</u>.- na zona prevista, de pta. Couso (Aguíño) ata Cedeira, hai presentados os seguintes Plans a pé: 1) Central Galáica de Plantas Medicinales (interfiere de Muros a Camariñas), 2) CEAMSA (presenta Plan de Norte de Arousa a Ferrol, co que interfire en todo o</li> </ul>

ámbito do Plan), 3) Conf. de Camariñas (interferencia entre pta. Gallada e pta. Xianleira), 4) Conf. de Lira (interferencia entre pta. Ínsua e pta. Larada) e Mar de Lira (que solicita toda a provincia), 5) Conf. de Muros (interferencia entre pta. Uhía e pta. Ínsua); e Plans de mergullo, nos que pese á diferenza de modalidade de acceso ao recurso hai solapamento territorial, de: 1) Conf. de Camelle (coincidencia de zonas entre pta. Gallada e pta. Morelo) e 2) Conf. de Camariñas (pta. Gallada e pta. Chorente).

- Gracilaria sp. - a zona solicitada vai de pta. Nariga (Malpica) a Ferrol, polo que non presenta interferencia co outro plan presentado para esta especie, o da Central Galáica de Plantas Medicinales, que solicita a extracción entre Muros e Camariñas.
- Porphyra sp. - as extraccións previstas no Plan son nas zonas de Norte da ría de Arousa, dende o Norte da ría de Muros ata Laxe e de Caión a Cedeira, onde coincide con outros Plans a pé: 1) Conf. de Camariñas (de pta. Gallada a pta. Xianleira), 2) Conf. de Lira (de pta. Ínsua a pta. Larada) e Mar de Lira (que solicita toda a provincia) e 3) Conf. de Muros (de pta. Uhía a pta. Ínsua); de igual xeito, hai intersección cos seguintes Plans de mergullo: 1) Conf. de Camelle (de pta. Gallada a pta. Morelo), 2) Conf. de Camariñas (de pta. Gallada a pta. Chorente) e 3) Conf. de Muxía (de pta. Piaduro a pta. Nemiña).
- Ascophillum nodosum. - as zonas de extracción: Norte da ría de Arousa, Norte da ría de Muros, franxa entre Touriñán e Camariñas, ría de Corme e Laxe, ría de A Coruña, ría de Ares-Betanzos e ría de Ferrol, coincide cos seguintes Plans: a pé, co da Conf. de Camariñas (de pta. Gallada a pta. Xianleira); e a flote cos das Confrarías de 1) Camariñas (de pta. Gallada a pta. Chorente) e 2) de Muxía ( de pta. Piaduro a pta. Nemiña).
- Fucus sp. - as zonas de extracción previstas: Arousa Norte, de Norte da ría de Muros a Camariñas, ría de Corme e Laxe e de Caión a Ferrol, presenta interferencias cos seguintes Plans a pé: 1) Central Galáica de Plantas Medicinales (presenta Plan de Muros a Camariñas, zona incluída na solicitada por Porto-Muiños), 2) CEAMSA (solicita de Arousa Norte a Ferrol, polo que incluíría toda a zona de Porto-Muiños), 3) Conf. de Camariñas (solicitan de pta. Gallada a pta. Xianleira, zona incluída no Plan), 4) Conf. de Lira (de pta. Ínsua a pta. Larada, tamén incluído no Plan) e Mar de Lira (que solicita toda a provincia) e 5) Conf. de Muros (de pta. Uhía a pta. Ínsua, igualmente incluída); en canto a Plans de mergullo, solápanse cos Plans de 1) Conf. de Camelle (de pta. Gallada a pta. Morelo), 2) Conf. de Camariñas (de pta. Gallada a pta. Chorente) e 3) Conf. de Muxía (pta. Piaduro a pta. Nemiña).
- Himanthalia elongata. - solicita a zona dende Arousa a Cedeira, presenta interferencia co Plan da empresa Lou, que solicita toda a costa de Galicia, e inclúe os ámbitos dos plans presentados por: 1) Conf. de Corcubión (de río Xallas a pta. Arnela), 2) Conf. de Lira (de pta. Ínsua a pta. Larada) e Mar de Lira (solicita toda a provincia) e, no que respecta a Plans de mergullo, solápanse cos presentados por: 1) as Confrarías de Coruña e Sada (de pta. Alba a cabo Prioriño), 2) embarcación xxxxx (zona VI, de Touriñán a pta. Langosteira), 3) Conf. de Camelle (de pta. Gallada a pta. Morelo), 4) Conf. de Camariñas (de pta. Gallada a pta. Chorente), 5) Conf. de Muxía (de pta. Piaduro a pta. Nemiña), 6) Coop. de mergulladores de Fisterra (zona V, de pta. Ínsua a Cabo Touriñán) e 7) Conf. de Ribeira (de Norte de Arousa a río Sieira).
- Laminaria hyperborea. - solicita a zona que vai de Muros a Cedeira e interfiere, a pé, cos Plans de: 1) Central Galáica de Plantas Medicinales (de Muros a Camariñas, interferencia en toda esta zona), 2) Conf. Camariñas (pta. Gallada a pta. Xianleira, zona totalmente incluída no ámbito do Plan), 3) Conf. de Corcubión (solapamento total entre río Xallas e pta. Arnela), 3) Conf. de Lira (interfiere no ámbito da Confraría) e Mar de Lira (que solicita toda a provincia) e 4) Conf. de Muros (de pta. Uhía a pta. Ínsua); nas diferentes modalidades de mergullo, esta especie está solicitada, en zona que solapa coa solicitada no presente Plan, nos Plans presentados por: 1) Confs. de A Coruña e Sada (zona solicitada, de pta. Alba a Prioriño, solapamento total), 2) emb. xxxx (solicita a zona VI, de Touriñán a Langosteira, solapamento total), 3) Conf. de Camelle (de pta. Gallada a pta. Morelo, igualmente incluída), 4) Conf. de Camariñas (de pta. Gallada a pta. Chorente, totalmente incluída), 5) Conf. de Muxía (de pta. Piaduro a pta. Nemiña), e 6) Coop. mergulladores de Fisterra (solicitan a zona V, de pta. Ínsua a Touriñán), quedando fóra da zona de extraccións o Plan da Conf. de Ribeira (de Arousa Norte a río Sieira).
- Compre recordar que con independencia do plan xeral de explotación marisqueira, a recolección

de algas só poderá ser exercida polas persoas que teñan o permiso de explotación en vigor de acordo co establecido no artigo 28º da Lei 6/1993, de 11 de maio, de Pesca de Galicia, *para pescar, mariscar ou recolectar algas necesítase contar co correspondente permiso de explotación expedido pola Consellería de Pesca.*

- O artigo 2º do Decreto 423/1993m de 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de marisqueo, extracción de algas e cultivos mariños, establece que *con independencia do Plan Xeral de Explotación Marisqueira, a extracción de marisco e a recolección de algas en augas da Comunidade Autónoma de Galicia, só poderá ser exercida pola persoas e embarcacións que estean en posesión do preceptivo permiso de explotación; exceptúase da necesidade de permiso a recollida de argazos.* No mesmo Decreto, o artigo 16º indica que *as persoas que se dediquen a recollida de algas dentro dun plan de explotación precisarán do preceptivo permiso de explotación.*
- No caso das empresas transformadoras de algas, o Decreto 423/1993 establece que poden optar a concesións para a explotación de algas e para facilitar o desenvolvemento do sector. A Dirección Xeral estimou que sempre que non se poda facer a recollida por parte de mariscadores, poderán realiza-la aquelas persoas ligadas a empresa por contrato laboral ou mercantil de forma que a empresa se faga responsable da actividade realizada por elas.
- Na solicitude de apertura mensual deberá indicarse a zona de traballo e os topes previstos de extracción.

**Si se pretende faenar o mesmo día dentro e fora da Reserva Mariña de interese pesqueiro “Os Miñarzos”, haberán de comunicar a entrada na reserva e pasar polo correspondente punto de control ao efecto de comprobar as capturas feitas tanto dentro como fora da área de reserva.**

\*